




UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



A resolución do 17 de marzo de 1995 pola que se publica o plano de estudos de Bioloxía, establece a táboa de adaptacións que se deberá aplicar ós alumnos procedentes do plano de 1982 que pretendan continua-los estudos polo plano que o substitúe.

Realizada unha revisión desta táboa de adaptacións por parte do Centro, téñense observado erros no contido da mesma que, de non ser emendados, poden prexudicar ós alumnos.

As Normas de xestión académica determinan que a competencia para a resolución das validacións ou adaptacións é do Rector logo do informe de Centro, polo que ó abeiro das mesmas

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Modifica-la táboa de adaptacións de Bioloxía, do plano de 1982 ó de 1995 consonte ó anexo desta resolución.

**Segundo.-** As adaptacións que soliciten os alumnos do plano de 1982 ó de 1995 resolveranse consonte a táboa de adaptacións publicada co plano de estudos, agás no relativo ó regulado no anexo I.

**Terceiro.-** Tanto o Centro como a Unidade de Xestión Académica darán a publicidade suficiente a esta resolución para que todos aqueles alumnos que poidan ser afectados pola mesma poidan acollerse a ela.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2001  
O RECTOR



Darío Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SRA. XEFE DO SERVIZO DE ALUMNADO - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR - SR. DECANO/A DA FACULTADE DE BIOLOXÍA - SR. DIRECTOR DO SEIN - SR. DIRECTOR DO COIE



ANEXO I

TÁBOA DE ADAPTACIÓN DE BIOLOXÍA 410001 - 410011			
BIOLOXÍA PLANO 1982 (410001)		BIOLOXÍA PLANO 1995 (410011)	
101	Bioloxía Xeral		Libre Configuración
419	Fisioloxía Vexetal Especial	442 537	Fitohormonas Fisioloxía do crecemento e do Desenvolvemento
502	Xeobotánica	540 422	Fitoxeografía Análise da vexetación
420	Fitopatoloxía	539 441	Fitopatoloxía descritiva Fisiopatoloxía
412	Bioquímica Especial	450	Metabolismo e Regulación Metabólica
415	Ecología Especial	530 532	Ecología Cuantitativa Ecología Terrestre
423	Xeografía Física	424	Bioclimatoloxía